

PLAN DE MELLORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR CURSO 2023-24

TÍTULO DO PROXECTO

Un Vieiro de ilusións

A nosa intención, como ben di o título do noso proxecto é ir facendo un *caminiño* pouco a pouco ata conseguir que toda a nosa comunidade educativa forme parte da biblioteca.

1. XUSTIFICACIÓN

Durante o curso 22-23 fixemos un espazo amplo no centro (175 m²), o cal queremos aproveitar para levar para aí a nosa nova biblioteca. É un espazo amplo no cal queremos facer unha biblioteca diáfana con diferentes recantos e tamén con diverso mobiliario que poida servir para todo o alumnado. Dito espazo está situado na planta baixa do centro ao lado do patio cuberto, polo que o alumnado durante o recreo poderán acceder á biblioteca e poderán saír cando queiran o patio, porque as portas deste novo espazo desembocan no patio cuberto.

A nosa intención é facer unha biblioteca con mobiliario móbil (mesas abatibles, rodas, coxíns...)Se conseguimos poñer en marcha todo isto, e dada a localización da nova biblioteca,. A nosa intención é abri-la ás familias do noso alumnado, Como ben estamos dicindo continuamente é un espazo novo polo que precisamos entrar no PLAMBE para poder facer a biblioteca que queremos. Necesitamos comprar todo o mobiliario novo porque o que temos na antiga biblioteca está deteriorado (estantes) e o outro non nos permite a transformación da nova biblioteca.

Entendemos a biblioteca como un espazo educador e de dinamización da convivencia da comunidade educativa. Así, partindo da definición da UNESCO: “ A biblioteca é unha forza viva ao servizo da cultura, da educación, e da información e un instrumento indispensable, para fomentar a paz, e a comprensión internacional” , consideramos que os obxectivos a lograr deben ir orientados a acadar en definitiva unha biblioteca escolar como elemento clave de soporte educativo e como ferramenta de aprendizaxe, organizándoa e dinamizándoa como centro de recursos para a lectura, a información e a comunicación e dotándoa dun carácter dinámico e en constante actualización.

Pero pretendemos que a nosa biblioteca non sexa única e exclusivamente un depósito de libros, senón que queremos que se adapte ás necesidades reais da Comunidade Educativa: que sexa un lugar de aprendizaxe, de inspiración, de participación, creación e inclusión

2. Análise da situación real da biblioteca e das necesidades máis urxentes en materia de fondos, equipamento, mobiliario e outros.

Neste curso académico, a Consellería de Educación arranxounos o espazo que estaba adicada no seu día a antiga piscina. Este espazo foi arranxado para unha sala de usos múltiples. A nosa idea é a de trasladar a biblioteca para este novo espazo, posto que está ao lado do patio cuberto (o que facilita a entrada e saída de todo o alumnado no momento do recreo, co cal o alumnado de infantil pode usar a biblioteca durante o recreo, que ata de agora ao estar no 3º andar non era posible). Este novo

espazo conta con todas as comodidades (rampla, calefacción, boa iluminación, completamente preparada para as Novas Tecnoloxías...) e o máis importante de todo, temos un espazo de 175 m² Para este novo espazo necesitamos moita material novo, mobiliario de roda, andeis , mesas abatibles, pufs... todos os recursos materiais que precisemos para converter ese espazo na nova Biblioteca que soñamos.

3. Obxectivos

- Transformar e converter a biblioteca no motor que impulse a participación da comunidade educativa nas actividades escolares que dende ela se realicen.
- Involucrar ao profesorado, ao alumnado, ás familias e, en definitiva, a toda a comunidade educativa no noso proxecto de biblioteca (achega de suxestións, organización, desenvolvemento, participación e avaliación).
- Potenciar unha biblioteca escolar dinámica, activa, chea de vitalidade.
- Incentivar o uso dos recursos da biblioteca.
- Realizar o tratamento técnico (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar) de todos os fondos (impresos, audiovisuais e multimedia) que cheguen á biblioteca.
- Posibilitar ao alumnado o acceso á biblioteca durante os recreos para desenvolver tarefas de préstamo, lectura, consultas,...atendendo ás súas demandas.
- Establecer un horario de utilización da biblioteca no que se recollan: reserva semanal mestre/grupo, gardas de atención en horario de recreo, horas de dedicación do equipo de biblioteca, ...A biblioteca estará aberta a totalidade do tempo lectivo e en horario extraescolar.
- Actualizar e manter o espazo propio da biblioteca na web do centro para achegar a toda a comunidade educativa ás actividades, novidades, información, etc
- Diseñar actividades de formación de usuarios/as (xogos, fichas,...) que permitan a adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu tratamento (educación documental) de xeito autónomo.
- Organizar actividades dirixidas ao fomento da lectura: exposicións temáticas, encontros con autores/as, clubs de lectura, contacontos,
- Realizar actividades encamiñadas á compensación das desigualdades sociais.
- Elaborar o plan de novas adquisicións e actualización dos fondos da biblioteca tendo en conta as propostas e suxestións do profesorado e alumnado.
- Coordinar a elaboración do Proxecto Lector de centro.
 - Avaliar as necesidades de formación para mellorar como profesionais na xestión, deseño de propostas.. e participar en grupos de traballo, xornadas, cursos,..

- Organizar e deseñar propostas para a conmemoración de datas como o Día do Libro, Día das Letras Galegas,...ou acontecementos que se queiran destacar mediante exposicións de libros,elaboracións de guías de lectura, celebración dalgún acto especial.....
- Potenciar a relación entre a biblioteca do centro con outras bibliotecas da zona
- Colaborar cos departamentos de EDNL, Actividades Extraescolares e Complementarias, Convivencia, Orientación, así como cos diversos Plans e Programas educativos nos que están inmerso o noso centro.
- Potenciar o uso das mochilas viaxeiras. Iniciativa recollida no Plan LIA

Hai que salientar que algúns dos obxectivos antes citados xa están en marcha e o que se busca é facelos permanentes.

4. Tipo de organización e funcionamento previsto.

4.1 Organización e catalogación dos fondos

A biblioteca do Ceip Eduardo Pondal rexistra e cataloga os fondos seguindo o programa MEIGA de bibliotecas escolares (actualmente os libros catalogados son 3587).

Esta tarefa conleva os seguintes pasos:

- Revisar os materiais impresos mercados ou doados comprobando que non falten páxinas, estean mal impresas, ... Comprobar que os materiais multimedia non estean danados.
- Poñer o selo da biblioteca (no que figura o nome do centro e a imaxe de Cleo, a mascota da biblioteca) nos materiais impresos . Etiquetar. Poñeranse etiquetas identificativas (“tejuelos” e as imaxes correspondente de cada ámbito que ven dado pola CDU) no lombo dos libros e nas caixas dos CD, DVD.
- Informatizar os novos fondos co proxecto MEIGA de bibliotecas escolares. Volcar os novos rexistros á rede de bibliotecas escolares de Galicia .
- Colocar os novos fondos no expositor de novidades e nos andeis correspondentes.
- Para a clasificación dos fondos, séguese a clasificación decimal por materias (CDU para bibliotecas escolares galegas).

4.2 Organización do persoal e do equipo de biblioteca.

Funcións do equipo:

a) organizar a biblioteca.

- ordenar os andeis.
- elaborar o horario de utilización da biblioteca polas distintas titorías

- revisar os catálogos
- rexistrar e etiquetar as novas adquisicións.
- informatización dos fondos
- reparar os libros
- ambientar a biblioteca segundo o tema proposto para o curso.

b) establecer as normas de funcionamento da biblioteca e dalas a coñecer.

c) distribuír o presuposto e adquisición de fondos.

d) elaborar e organizar actividades de dinamización e animación á lectura, formación de usuarios/as , educación documental ,...

e) achegar fontes de información e selección de fondos á comunidade educativa a través da web do centro , taboleiro, boletíns informativos...

4.3. Organización do uso da biblioteca

4.3.1. Normas en canto ao espazo físico da biblioteca:

Na biblioteca do CEIP Eduardo Pondal realizaranse actividades de animación á lectura , préstamo, procura de información e actividades de formación de usuarios durante a xornada lectiva. Finalizada esta, a biblioteca será un espazo aberto á comunidade educativa. Durante o curso escolar organizaranse actividades de animación á lectura como por exemplo clubs de lectura onde ex-alumnado e familias poderán participar, actividades promovidas pola ANPA, préstamo exterior,.... O que pretendemos co noso mobiliario é que sexa móbil para crear un espazo diáfono e que sexa adaptable a calquera actividade .

4.3.2. Normas de uso para todo o profesorado.

Como norma xeral a biblioteca permanecerá aberta toda a xornada lectiva para facilitalo seu uso tanto ó profesorado coma ó alumnado. Tódalas titorías terán asignada polo menos unha hora semanal fixa e as horas que queden libres quedarán a disposición de quen as precise.

Para realizalo préstamo hai que respectar as seguintes normas:

- Durante a etapa de Infantil, serán os mestres/as titores os responsables do préstamo individual ó alumnado así coma da devolución dos libros. O préstamo poderase realizar na hora semanal asignada á titoría ou cando o mestre o crea conveniente sempre e cando a biblioteca non estea ocupada por outra clase.
- A biblioteca permanecerá aberta durante o recreo, sendo atendida por profesorado que forme parte do equipo de biblioteca onde se fará o empréstito e a devolución de libros do alumnado de Primaria.
- O préstamo de fondos realizarase de xeito informatizado a través da aplicación Meiga .
- Os libros deberán ser tratados co máximo coidado, non podendo escribir, debuxar, subliñar ou facer calquera tipo de sinal neles. Se un mestre/a perde, rompe ou dana un libro, deberá repoñelo ou abonar o seu custo.

- No momento da devolución, os libros deberán colocarse no lugar onde foron recollidos, respectando a súa localización de acordo cos códigos establecidos .
- Cada mestre poderá levar para a súa aula un lote de libros que precise para traballar co seu alumnado. Este préstamo non deberá exceder dun mes agás casos excepcionais.
- Antes de saír da biblioteca teñen que quedar ordenadas as cadeiras e mesas, o material empregado recollido e os libros consultados no seu sitio.

Estas normas serán entregadas nunha reunión formativa ó principio do curso

4.3.3. Normas de uso para todo o alumnado

- Na biblioteca hai que manter un ton de voz baixo para non molestar aos outros posibles usuarios que se atopen na sala.
- Non se poderán retirar libros da biblioteca sen autorización do titor/a ou do equipo de biblioteca. Cando se devolva o libro deberase colocar no andel correspondente.
- Antes de saír da sala deberemos deixar colocados tanto os libros como as cadeiras. Os ordenadores quedarán apagados e se se realizou algunha actividade que precise de recortado, pegado,... todo o lixo depositarase nas papeleiras quedando as mesas limpas.
- O alumnado é responsable de tratar o libro co máximo coidado, non podendo escribir, debuxar, subliñar ou facer calquera tipo de sinal neles. Se un alumno/a perde, rompe ou dana un libro, deberá repoñelo ou abonar o seu custo.
- Estas normas estarán expostas no taboleiro da biblioteca xunto coa guía de usuario/a dende o comezo do curso.

4.3.4. Normas de uso para as familias

- A biblioteca do CEIP Eduardo Pondal estará accesible a toda a comunidade educativa para préstamo, consulta, actividades de animación á lectura,...
- Calquera membro da comunidade educativa poderá ser socio da biblioteca formalizando a inscrición na mesma. Recibirán un carné que lles acredita como socios /as da mesma e que deberán renovar anualmente.
- As normas para o préstamo exterior son as seguintes:
 - Poderanse retirar un máximo de dous libros e dúas películas ou outros documentos en soporte audiovisual, por socio.
 - Están excluídos do préstamo o material de consulta (dicionarios, enciclopedias, históricos ou adicados polo autor ou autora...) que só se poderá utilizar dentro da biblioteca.
 - O prazo de préstamo non excederá de 15 días. Se fora necesario pódese solicitar a renovación.

- Ata que non se devolvan os libros en préstamo non se poderán levar outros. Se un libro non se devolve no prazo establecido ou non se solicita a súa renovación, o equipo de biblioteca poderá enviarlle unha carta instándolle a que realice a súa devolución e recordarlle os prazos fixados.

5. Optimización dos espazos, organización e automatización dos fondos.

Como xa dixemos anteriormente, queremos salientar que dispoñemos dun novo espazo (175 m²) que imos adicarlle a nova Biblioteca e que nos vai permitir facer unha transformación converténdoa nun espazo que convide a estar e desfrutar da lectura, un centro creativo de aprendizaxe onde convivan os soportes impresos e dixitais, un espazo inclusivo onde teña cabida toda a comunidade educativa, un espazo onde teña presenza as expresións artísticas, sendo moi conscientes de que estamos nun entorno rural e que podemos ofrecer un espazo para a dinamización cultural do concello.

Queremos facer un deseño que permita un espazo móbil, fácil de transformar para crear os espazos que necesitamos en cada momento. Un espazo con recunchos onde o alumnado poida sentirse cómodo e que se sinta inspirado para explorar todas as posibilidades que unha biblioteca activa pode ofrecer.

Para isto, non dispoñemos dos recursos necesarios e é imprescindible poder entrar nesta convocatoria para poder asumir este deseño coa adquisición de todo o mobiliario que precisamos (andeis con rodas, mesas abatibles, pufs, alfombras, etc)

Por outra banda, con respecto aos fondos, imos facer un gran expurgo ao rematar este curso e só baixaremos aqueles libros que estean en bo estado , polo que tamén precisaremos fondos (aínda que o colexio poña un 10% do orzamento e para isto todo quédase moi curto) para adquirir novos exemplares e poder así, mellorar a nosa oferta.

6. Actuacións previstas nos seguintes ámbitos:

a) Xestión técnica e organización

Accións a levar a cabo	1º T	2º T	3º T
Reunión inicial para planificación das actuacións xerais e distribución do traballo	X		
Organización do horario da Biblioteca Escolar.	X		
Reunións mensuais e puntuais cando se precisen.	X	X	X
Elaborar o plan de traballo anual da biblioteca (gardas, horarios, reunións,...) xunto cos coordinadores de Normalización, Tics, Complementarias e Extraescolares, Convivencia e Xefatura de Estudos.	X		
Recollidas de propostas e adquisición de fondos acollendo suxestións de toda a comunidade educativa	X	X	X
Inauguración e apertura da nova biblioteca á comunidade educativa coa nosa mascota CLEO.	X		
Posta a punto dos carnés da Biblioteca e iniciación do empréstimo de fondos.	X		
Organizar sesións de formación para o profesorado do equipo de biblioteca dentro do PFPP	X	X	X
Posta en marcha das Mochilas Viaxeiras. Acordar periodicidade e organización	X		
Formación e creación do equipo de “encargados/as” (alumnado).	X		
Creación dunha comisión de biblioteca escolar no seo do Consello escolar	X		
Continuar con arquivo e catalogación de fondos novos .	X	X	X
Creación e mantemento do espazo propio da Biblioteca na web do centro	X	X	X
Elaboración de guía de lectura do Nadal.	X		
Dar a coñecer as novas adquisicións.	X	X	X
Etiquetado dos andeis con palabras e pictogramas co fin de facelos máis accesibles aos primeiros lectores e aos nenos/as con NEAE.	X	X	
Seguimento do Plan Lector do centro		X	
Expurgo ao finalizar o curso			X
Avaliación do traballo realizado ao longo do curso e de todas as actividades realizadas.			X
Avaliación do Proxecto Lector do centro			X
Realización da memoria de fin de curso.			X
Realizar a solicitude do seguinte PLAMBE			X

b) Formación para o uso , tratamento e produción da información

Pretendemos que a biblioteca sexa un centro de recursos da información que poña a disposición de toda a comunidade educativa os fondos documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual, multimedia ou electrónico, pois a escola ten unha importante función social á hora de compensar desigualdades, pois pode ser o único espazo onde teñen acceso a estes recursos:

- A biblioteca acollerá, organizará, facilitará e difundirá os fondos existentes para un uso eficaz dos mesmos.
- Actividades dirixidas á adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e ao seu tratamento, pois é necesario ensinalles a reflexionar sobre todo isto.
- Actualizar e manter o espazo propio de BE na web do centro.
- Actividades co alumnado desde BE para coñecer buscadores, páxinas de información, dicionarios, enciclopedias online....
- Subscricións a distintas revistas e outros soportes para a consulta de información diversa.

c) Formación de usuarios.

Son varias as accións previstas para realizar a formación de usuarios:

- Visita á biblioteca de xeito lúdico para coñecer as súas seccións e servizos.
- Explicación ao alumnado e profesorado das normas da biblioteca.
- Organizar actividades que ensinen a encontrar e manexar os fondos da biblioteca.
- Crear actividades de animación á lectura que axuden a desenvolver as capacidades lectoras e favorezan o desfrute da lectura voluntaria.
- Explicación do sistema de préstamo da biblioteca.
- Realizar actividades para que os alumnado coñeza os fondos da biblioteca, tanto de lectura xuvenil para o seu tempo de ocio, como de textos destinados á información e o coñecemento.
- Organizar talleres de alfabetización dixital.
- Elaboración dunhas normas de utilización dos ordenadores por parte do alumnado.
- Establecer unhas sesións de formación de usuarios para as familias e o profesorado.
- Formar aos bibliotecarios voluntarios (alumnado de 6º de EP) no uso da aplicación Meiga para realizar os empréstitos e as devolucións, colocación dos libros, colaborar nos traballos da biblioteca durante os recreos.

d) Programas de formación para a competencia informativa e mediática.

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; e tamén ter unha actitude crítica e reflexiva. Consideramos a BE como un escenario idóneo para desenvolver tal competencia con:

- Actividades para o tratamento da información.
- Práctica e manexo dos programas de empréstitos e procura de documentación nos distintos soportes e nas distintas seccións e andeis.
- Creación da liña de BE dentro do PFPP do centro.

e) Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros.

A biblioteca escolar debe ser o pulmón dunha escola e o noso equipo está disposto a acadalo buscando as estratexias colectivas necesarias.

Durante todo o curso, a Biblioteca Escolar colaborará con todos aqueles proxectos de aula ou do centro que precisen da nosa axuda. Procuraremos obter fondos específicos daqueles traballos ou proxectos que se planifiquen, e que sexa un lugar de referencia para levar a cabo outras actividades e conmemoracións que xurdan, para que tanto alumnos/as como mestres/as e familias poidan atopar na nosa Biblioteca, un punto de información e referencia para facer unha aprendizaxe o máis rica e significativa posible.

Cabe sinalar a colaboración con outras entidades educativas e fundacións como por exemplo a Fundación Eduardo Pondal (Ponteceso), a Biblioteca Municipal, así como editoriais, asociacións, ANPA, centros educativos da comarca, así como outras posibles entidades.

f) Actividades para o fomento da lectura e da comprensión lectora en todas as áreas e materias.

Somos conscientes de que a biblioteca escolar é un instrumento educativo para o fomento da lectura e a comprensión lectora; así que, manteremos unha liña de actividades realizadas durante os últimos cursos:

- As Mochilas Viaxeiras.
- O empréstito para casa.
- O apadriñamento lector polo Día do Libro.
- Os obradoiros de expresión artística.
- A Semana da Prensa na Biblioteca
- A nosa hora de Biblioteca. Todas as aulas do centro teñen reservada no seu horario unha sesión fixa e outras a escoller.
- As visitas de escritores/as, ilustradores/as, contacontos e/ou persoas relevantes do concello.
- Os premios ao alumnado máis lector (en Infantil, o premio é para cada unha das aulas)
- Hora de Ler
 - Apertura no tempo do recreo para o alumnado
- Guías de lectura para as distintas idades e diversidade.
- Creación de diversos recunchos (TICs, espazos de estimulación da lectura, creación de historias, expresión artística, espazos de xogos, teatro de sombras, kamishibai, poesía creativa....

- Exposición de libros
- Cleo e os seus retos. A nosa mascota propondrá diversos retos no que a comprensión lectora será clave.
- Os avós e as avoas saben moito: as persoas maiores que desexen participara viran a relatar historias e mostrar fotografías antigas como coñecemento dos tempos de antes e dos contos clásicos.
- Certame literario, plantexaremos un certame de contos, historias e/ou poemas en torno a unha temática.

g) Apoio ao desenvolvemento do proxecto lector do centro.

Para a consolidación de hábitos de lectura é necesario tempo e constancia xa que a lectura non é só unha técnica senón un medio de comunicación e un acceso á información. Por iso debemos ter presentes todas as ocasións posibles para animar a ler e, por tanto, para apoiar dende a biblioteca o desenvolvemento do proxecto lector.

A metodoloxía do traballo de apoio ao plan lector será:

- Activa e participativa: permite aos nenos/as elixir, ordenar, seleccionar e valorar aqueles títulos acorde cos seus intereses e gustos, desenvolvendo a súa imaxinación e creatividade.
- Sistemática: os nenos/as seguirán un plan de lectura adicándolle de acordo co Plan Lector trinta minutos diarios que complementaran cos préstamos quincenais de biblioteca.
- Interdisciplinar: a biblioteca é un centro de recursos e apoio á aprendizaxe para tódalas áreas.
- Creativa: a partir do traballo lector, crearán producións propias (murais, fichas de lectura, debuxos, etc).
- Motivadora e cooperativa: facilitarase un ambiente de carácter lúdico, propoñendo actividades cooperativas.

O fin principal será fomentar a lectura para traballar a comprensión lectora de modo sistemático. Cómpre dicir que O Proxecto Lector non só se centrará en libros senón que abarcará outros formatos e soportes.

h) Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro.

Dende o curso 2021-22 somos centro da Rede Galega Dixital (contando ca presenza dunha mentora ADIX dentro do noso centro) e formamos parte do Proxecto de Polos Creativos, para o cal se transformou e habilitou unha aula con diferente material e recursos. A biblioteca irá da man con esta aula maker.

Asi mesmo, dende a Biblioteca tamén se colaborará coas distintas dinamizacións: Convivencia, EDNL, Extraescolares, Tics, Contratos Programa, etc

i) Apoio ao estudo e desenvolvemento do currículo das distintas áreas e materias e outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade.

A lexislación actual concibe a escola como unha institución normalizadora e compensadora tanto nas desigualdades sociais, coma da diversidade universalizando servizos que non son accesibles a un segmento do alumnado e tratando de impedir que a herdanza sociocultural sexa un obstáculo insalvable para unha parte do alumnado. Somos conscientes de que non todo o alumnado dispón nas súas casas de medios, ou de pais e nais con coñecementos ou tempo para axudalos nesta labor. Dende o noso centro consideramos que a biblioteca pode ser unha ferramenta fundamental que contribúa á igualdade de oportunidades poñéndose ao servizo de todo o alumnado, pais/nais e, en definitiva, de toda a comunidade educativa.

Algunhas das medidas que propoñemos para levar a cabo este apoio son:

- Adquisición de material para o desenvolvemento de todas as áreas curriculares.
- Revisión, catalogación e ofrecemento de novo material nos fondos bibliográficos.
- Colaborar co D.O. e co equipo de Convivencia servindo como centro de recursos.
- Desenvolver un Plan de Lectura Eficaz.
- Selección de material específico para o apoio ao estudo adaptado a cada ciclo.
- Formación específica para o alumnado con maior dificultade: Técnicas de estudo, resumos,...
- Acondicionamento da biblioteca para alumnado con N.E.A.E. .
- Revisión constante así como proposta de novas actividades.

k) Accións para a integración da cultura impresa/ cultura dixital. Multialfabetismos.

Unha educación de calidade debe adaptarse ás novas formas de comunicación sendo a nosa labor educativa facilitar a aprendizaxe do alumnado dunha serie de estratexias que lle permitan identificar as informacións que precisan, avaliar as fontes de información dispoñibles, buscar nelas eficazmente, seleccionar a información pertinente, realizar unha lectura crítica dos distintos documentos, relacionar os novos descubrimentos cos coñecementos previos, sintetizar e organizar a información. É dicir, precisan unha educación documental. O recurso básico para esta formación será a BE entendida como un dinámico centro de recursos que apoia ao proceso pedagóxico. Precisamos, polo tanto, unha biblioteca renovada, dotada de recursos e dinamizada por toda a Comunidade Educativa de cara a unha cultura comunicativa de diálogo, participación e inclusión. Por todo isto, levaremos a cabo as seguintes accións:

- Potenciar o uso pedagóxico da BE.
- Organización e mantemento de actividades periódicas de animación á lectura.
- Elaboración de guías de lectura en colaboración co EDLG.
- Colaboración na difusión de certames literarios.

- Incremento de fondos dixitais, sonoros, películas , etc.
- Introducción dos códigos QR en diversas actividades para acceder cos mesmos a outra información.
- Emprego de libros de realidade aumentada coa tablet/ipad da biblioteca

l) Difusión dos recursos dispoñibles da biblioteca.

- Continuar co taboleiro de anuncios para a biblioteca, onde se informe das actividades, novas, información cultural,...
- Realización de murais e carteis.
- Elaboración e publicación dunha guía do usuario da biblioteca.
- Elaborar guías de lectura para as distintas idades, con amplitude de criterios.
- Emprego das Mochilas viaxeiras.
- Elaboración de guías de Nadal e Verán .
- Publicacións e vídeos na páxina web da escola de tódalas actividades realizadas.
- Actualizar e manetr o espazo propio da biblioteca na web do centro.

m) Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas

Dende a biblioteca queremos facer forte fincapé na colaboración tanto coas familias como coas demais bibliotecas dos centros escolares do concello e coa Biblioteca Municipal.

Con respecto ás familias, levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Utilizar fondos en préstamo.
- Participar na actividade da “Mochila Viaxeira” e propoñer as suxestións correspondentes.
- Colaborar na mellora do espazo da biblioteca (aportar diverso material ou fondos,...)
- Participar en actividades de Lectura Compartida.
- Creación do club de lectura.

Con respecto a outras bibliotecas:

A nosa biblioteca colaborará estreitamente coa biblioteca municipal e a dos centros escolares do concello. A colaboración farase en relación ao desenvolvemento de actividades conxuntas, intercambios e optimización de fondos, organización de certames, foros, concursos, festas culturais...

n) Dinamización cultural do centro en materia de lectura e extensión cultural: presentación de libros, recitais, lecturas públicas, etc

Dende a biblioteca fomentaremos actividades para a nosa comunidade, como tamén estaremos abertos a aquelas que nos veñan propostas pola comunidade (ANPA; Concello, outros colexios, asociacións...)

7. Horario previsto de atención específica (responsable e integrantes do equipo de apoio)

Durante este curso a coordinadora da biblioteca, ao non estar no PLAMBE, soamente ten unha hora reservada no seu horario. O equipo de biblioteca é o encargado de abrir a biblioteca nos recreos.

Para o vindeiro curso, ao entrar no PLAMBE, reservaremos nos horarios 1 h diaria para á coordinadora e 1 h semanal para cada un dos membros do equipo, para que poidamos acadar todos os obxectivos planificados nesta proposta.

8. Criterios e elementos de avaliación. Indicadores que se terán en conta e instrumentos a utilizar.

Para levar a cabo a avaliación e auto-avaliación da nosa biblioteca tomaremos como guía e referencia o documento “ *Bibliotecas escolares , ¿entre interrogantes?*” do MEC, no que se especifican as dimensións e indicadores de logro para crear os instrumentos que nos indiquen onde nos atopamos, si se acadaron as metas propostas e que aspectos se teñen que modificar. Este documento adaptarémolo e contextualizarémolo á nosa biblioteca.

Ao final do curso faremos unha avaliación do Plan desenvolvido a tres niveis: profesorado, alumnado e familias, tendo en conta o documento citado anteriormente; ademais utilizaremos outros instrumentos como pode ser unha lista de cotexo e/ou un cuestionario referido ao funcionamento da biblioteca, as actividades realizadas ao longo do curso, normas, horarios, etc

Pretendemos que este traballo constitúa un instrumento útil para que a nosa biblioteca sexa un motor cada vez máis forte e integrado na vida escolar do noso centro.